

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
Documento CONZI0FQ	Expediente CON/15/2015	



### ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subministro de prendas superiores impermeables para a auga, calzado e complementos de uniformidade (subdividido en 3 lotes diferenciados pola súa natureza) para a Policía Local de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** LOTE A PRENDAS SUIPERIORES IMPERMEABLES PARA A AUGA: 28.115,70  
 LOTE B: CALZADO: 12.337,19  
 LOTE C: COMPLEMENTOS DE UNIFORMIDADE: 14.098,35 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 16 de abril 2015, ás 11:28 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D./Dª Alejandro Sánchez-Brunete Varela

**Vocais:** D./Dª. Manuel Martínez representante do grupo PP.  
 D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.  
 D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
 D./Dª Luis Alberto López, Inspector de Servizos  
 Dª Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.  
 D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten D. Manuel Ponte e Dna. Mónica Vázquez en representación da empresa EL CORTE INGLES, S.A..

**OFERTAS PRESENTADAS:**

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	27/03/2015	13.903	SAGRES SL - PARTENON
2	30/03/2015	14.228	PACO GARCIA PRENDAS Y ARTICULOS DE UNIFORMIDAD SA
3	01/04/2015	14.887	PEYCAR PONTEVEDRA SL
4	08/04/2015	15.447	EL CORTE INGLES, S.A.(*)

\*Proposición recibida por correo

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído) Lote A	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído) Lote B	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído) Lote C	Ampliación prazo de garantía
1	SAGRES SL - PARTENON	22.961,40	11.357,17		45 meses
2	PACO GARCIA PRENDAS Y ARTICULOS DE UNIFORMIDAD SA		8.517,22	10.879,36	2 anos

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CONZI0FQ	Expediente CON/15/2015	



3	PEYCAR PONTEVEDRA SL		10.041,79	10.677,27	5 meses
4	EL CORTE INGLES, S.A.	24.630,20	11.152,97	10.741,41	5 meses

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Ás 11:35 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA




O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0FQ	<i>Expediente</i> CON/15/2015	



### ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subministro de prendas superiores impermeables para a auga, calzado e complementos de uniformidade (subdividido en 3 lotes diferenciados pola súa natureza) para a Policía Local de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** LOTE A: PRENDAS SUPERIORES IMPERMEABLES PARA A AUGA: 28.115,70 euros máis IVE  
LOTE B: CALZADO: 12.337,19 euros máis IVE  
LOTE C: COMPLEMENTOS DE UNIFORMIDADE: 14.098,35 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 27 de abril de 2015, ás 9:55 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Alejandro Sánchez-Brunete Varela

**Vocais:** D. Manuel Martínez representante do grupo PP.

D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D. Luis Alberto López, Inspector de Servizos

Dª Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.

D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adjudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Así mesmo, apórtase escrito de alegacións do licitador EL CORTE INGLES, que contén varias apreciacións sobre as mostras que acompañan ás ofertas presentadas e que foron obxecto de exame no acto de apertura pública, solicitando a exclusión da empresa PARTENON no LOTE A e das empresas PEYCAR e PACO GARCÍA no LOTE B por distintos incumprimentos.

En función da análise da documentación antedita e da obrante no expediente, e tras un breve debate sobre as consideracións contidas no informe de valoración, e a vista do escrito presentado polo licitador EL CORTE INGLES, a mesa acorda:

Con respecto ó LOTE A, e en relación a ausencia dunha bolsa de transporte do anorak impermeable que a empresa PARTENON non aporta na súa mostra, rexeitar a reclamación presentada, entendendo, de acordo co informe técnico, que na documentación técnica aportada xunto coa oferta da empresa, apréciase claramente que se compromete a entrega da bolsa referida na descrición técnica do produto que se recolle no prego de aplicación, e dada ademais a inapreciable repercusión económica sobre o prezo final marcado do incumprimento alegado.

En relación a apreciación incluída polo técnico redactor do informe de valoración das ofertas sobre un posible incumprimento da esixencia recollida no prego técnico de aplicación sobre a "forma en cóbados" das mangas do anorak impermeable, remitir as mostras aportadas o departamento da Policía Local, redactor dos condicionantes técnicos desta licitación, para a emisión de informe.

Con respecto ó LOTE B, excluír da licitación as ofertas das empresas PACO GARCIA PRENDAS Y ARTICULOS DE UNIFORMIDAD SA e PEYCAR PONTEVEDRA SL, xa que a bota de inverno comprometida non se axusta ós requerimentos do prego técnico, ó non dispor de ganchos antioxidantes nin punteira reforzada.


Polo tanto, as ofertas máis vantaxosas das presentadas resultan ser, para o LOTE B, a da empresa EL CORTE INGLES SA por un importe de 11.152,97 euros; e para o LOTE C, a da empresa PEYCAR PONTEVEDRA SL, por un importe de 10.677,27 euros.

Ás 10:20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**  
INSPECCIÓN TÉCNICA  
SERVIZOS/TRANSPORTES/MEDIO AMBIENTE

LICITACIÓN:	<b><i>SUBMINISTRO DE PRENDAS SUPERIORES IMPERMEABLES PARA AUGA, CALZADO E COMPLEMENTOS DE UNIFORMIDADE PARA A POLICIA LOCAL DO CONCELLO</i></b>
LOTE A:	<b><i>PRENDAS SUPERIORES IMPERMEABLES PARA AUGA (28.115,70 €)</i></b>

### LOTE A

A este lote, *prendas superiores impermeables para a auga*, preséntase as empresas SAGRÉS SL – PARTENON e EL CORTE INGLÉS.


### CRITERIOS DE VALORACIÓN 1 e 2

Agás que a mostra de SAGRES- PARTENON non presenta *bolsa de transporte* e na mostra do CORTE INGLÉS non se aprecia a *forma dos cóbados*, no artigo 13.3, párrafo terceiro do Prego de Condicións sinalase que, *aparte das mostras, incorporaranse os datos que sirvan para unha mellor comprensión das súas características técnicas e da súa calidade*.

Analizada a documentación técnica, apreciase que SAGRES-PARTENON posue e incorpora a súa oferta a bolsa para o seu transporte e o CORTE INGLÉS presenta documentación que explica as características da súa oferta, polo que ambas dúas ofertas cumpren os requirimentos recollidos no Prego técnico.

#### **Criterio 1: Mellor prezo ofertado ( 5 puntos)**

*Otogarase a puntuación máxima de cinco puntos á oferta economicamente máis favorable para o Concello, valorándose as restantes de xeito directamente proporcional.*



As ofertas, e a súa puntuación, son as seguintes:


LICITACIÓN: 28.115,70 Euros				
EMPRESA	OFERTA	BAIXA	PUNTUACIÓN	PUNTOS
<i>SAGRES - PARTENON</i>	22.961,40	5.154,30	5*(5.154,30/5.154,30)	<b>5,00</b>
<i>EL CORTE INGLÉS</i>	24.630,20	3.485,50	5*(3.485,50/5.154,30)	<b>3,38</b>

**Criterio 2: Ampliación do prazo de garantía (Ata 2 puntos)**

*0,40 puntos por mes do mínimo marcado ata un máximo de 2 puntos.*

Tendo en conta que o mínimo marcado é de 3 meses, as ofertas e a puntuación correspondiente é:

GARANTÍA: 3 Meses				
EMPRESA	OFERTA	AMP.	PUNTUACIÓN	PUNTOS
<i>SAGRES - PARTENON</i>	48 meses	45 meses	0,40 x 45 ⇔ 0,40 x 5	<b>2,00</b>
<i>EL CORTE INGLÉS</i>	8 meses	5 meses	0,40 x 5	<b>2,00</b>



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**  
INSPECCIÓN TÉCNICA  
SERVIZOS/TRANSPORTES/MEDIO AMBIENTE

**RESUME**

PUNTUACIÓN: 7 Puntos					
EMPRESA	ECONÓMICA		GARANTÍA		TOTAL
<i>SAGRES - PARTENON</i>	5,00	5,00	2,00	2,00	7,00
<i>EL CORTE INGLÉS</i>		3,38		2,00	5,38

A vista do anterior, proponse á Mesa de contratación a adxudicación do Lote A á empresa **SAGRES-PARTENON** por un importe de **22.961,40** euros, sen IVE, e un prazo de garantía de **48** meses.

Santiago de compostela, 24 de abril de 2015  
O inspector técnico de Servizos e Transportes

Asd.: Luis Alberto López García



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**  
**INSPECCIÓN TÉCNICA**  
SERVIZOS/TRANSPORTES/MEDIO AMBIENTE

LICITACIÓN:	<b><i>SUBMINISTRO DE PRENDAS SUPERIORES IMPERMEABLES PARA AUGA, CALZADO E COMPLEMENTOS DE UNIFORMIDADE PARA A POLICIA LOCAL DO CONCELLO</i></b>
LOTE B:	<b><i>CALZADO (12.337,19 €)</i></b>

### **LOTE B**

A este lote, *calzado*, preséntase as empresas SAGRÉS SL – PARTENON, PACO GARCÍA SA, PEYCAR PONTEVEDRA SL e EL CORTE INGLÉS.

### **CRITERIOS DE VALORACIÓN 1 e 2**


Examinadas as mostras vese que a empresa PACO GARCIA SA presenta como **bota de inverno** o modelo *VIPER* de *MAGNUM*, bota que non dispón de ganchos antioxidantes nin protección en punteira como esixe o Prego técnico. A máis, no **zapato de inverno** presenta un zapato sin sola de goma especial antideslizante e sin membrana PTFE, tamén esixencia do PT.

A empresa PEYCAR PONTEVEDRA SL tamén presenta como **bota de inverno** o mesmo modelo que a anterior, ou sexa, a bota *VIPER* de *MAGNUM* que non compre tódalas esixencias do Prego técnico.

Polo tanto, a xuízo de que suscribe, non se debe considerar as ofertas presentadas polas empresas anteriormente sinaladas.

#### **Critério 1: Mellor prezo ofertado ( 5 puntos)**

*Otorgarase a puntuación máxima de cinco puntos á oferta economicamente máis favorable para o Concello, valorándose as restantes de xeito directamente proporcional.*



As ofertas, e a súa puntuación, son as seguintes:

LICITACIÓN: 12.337,19 Euros				
EMPRESA	OFERTA	BAIXA	PUNTUACIÓN	PUNTOS
<i>SAGRES - PARTENON</i>	11.357,17	980,02	5*(980,02/1.184,22)	<b>4,14</b>
<i>EL CORTE INGLÉS</i>	11.152,97	1.184,22	5*(1.184,22/1.184,22)	<b>5,00</b>


**Criterio 2: Ampliación do prazo de garantía (Ata 2 puntos)**

*0,40 puntos por mes do mínimo marcado ata un máximo de 2 puntos.*

Tendo en conta que o mínimo marcado é de 3 meses, as ofertas e a puntuación correspondiente é:

GARANTÍA: 3 Meses				
EMPRESA	OFERTA	AMP.	PUNTUACIÓN	PUNTOS
<i>SAGRES - PARTENON</i>	48 meses	45 meses	0,40 x 45 ⇔ 0,40 x 5	<b>2,00</b>
<i>EL CORTE INGLÉS</i>	8 meses	5 meses	0,40 x 5	<b>2,00</b>





**CONCELLO DE  
SANTIAGO**  
INSPECCIÓN TÉCNICA  
SERVIZOS/TRANSPORTES/MEDIO AMBIENTE


**RESUME**

PUNTUACIÓN: 7 Puntos					
EMPRESA	ECONÓMICA		GARANTÍA		TOTAL
<i>SAGRES - PARTENON</i>	5,00	4,14	2,00	2,00	6,14
<i>EL CORTE INGLÉS</i>		5,00		2,00	2,00

A vista do anterior, propónse á Mesa de contratación a adxudicación do Lote B á empresa CORTE INGLÉS SA por un importe de **11.152,97** euros, sen IVE, e un prazo de garantía de **8** meses.

Santiago de compostela, 24 de abril de 2015  
O inspector técnico de Servizos e Transportes

Asd.: Luis Alberto López García



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**  
INSPECCIÓN TÉCNICA  
SERVIZOS/TRANSPORTES/MEDIO AMBIENTE

LICITACIÓN:	<b>SUBMINISTRO DE PRENDAS SUPERIORES IMPERMEABLES PARA AUGA, CALZADO E COMPLEMENTOS DE UNIFORMIDADE PARA A POLICIA LOCAL DO CONCELLO</b>
LOTE C:	<b>COMPLEMENTOS DE UNIFORMIDADE (14.098,35 €)</b>

### LOTE C

A este lote, *complementos de uniformidade*, preséntase as empresas PACO GARCÍA SA, PEYCAR PONTEVEDRA SL e EL CORTE INGLÉS.


### CRITERIOS DE VALORACIÓN 1 e 2

#### *Criterio 1: Mellor prezo ofertado ( 5 puntos)*

*Otorgarase a puntuación máxima de cinco puntos á oferta economicamente máis favorable para o Concello, valorándose as restantes de xeito directamente proporcional.*

As ofertas, e a súa puntuación, son as seguintes:

LICITACIÓN: 14.098,35 Euros				
EMPRESA	OFERTA	BAIXA	PUNTUACIÓN	PUNTOS
<i>PACO GARCÍA SA</i>	10.879,36	3.218,99	5*(3.218,99/3.421,08)	<b>4,70</b>
<i>PEYCAR PONTEVEDRA SL</i>	10.677,27	3.421,08	5*(3.421,08/3.421,08)	<b>5,00</b>
<i>EL CORTE INGLÉS</i>	10.741,41	3.356,94	5*(3.356,94/3.421,08)	<b>4,91</b>



**Criterio 2: Ampliación do prazo de garantía (Ata 2 puntos)**

*0,40 puntos por mes do mínimo marcado ata un máximo de 2 puntos.*

Tendo en conta que o mínimo marcado é de 3 meses, as ofertas e a puntuación correspondiente é:

GARANTÍA: 3 Meses				
EMPRESA	OFERTA	AMP.	PUNTUACIÓN	PUNTOS
<i>PACO GARCÍA SL</i>	27 meses	24 meses	0,40 x 24 ⇔ 0,40 x 5	<b>2,00</b>
<i>PEYCAR PONTEVEDRA</i>	8 meses	5 meses	0,40 x 5	<b>2,00</b>
<i>EL CORTE INGLÉS SA</i>	8 meses	5 meses	0,40 x 5	<b>2,00</b>

**RESUME**

PUNTUACIÓN: 7 Puntos					
EMPRESA	ECONÓMICA		GARANTÍA		TOTAL
<i>PACO GARCÍA SL</i>	5,00	<b>4,70</b>	2,00	<b>2,00</b>	<b>6,70</b>
<i>PEYCAR PONTEVEDRA</i>		<b>5,00</b>		<b>2,00</b>	<b>7,00</b>
<i>EL CORTE INGLÉS</i>		<b>4,91</b>		<b>2,00</b>	<b>6,91</b>

A vista do anterior, propónse á Mesa de contratación a adxudicación do Lote C á empresa **PEYCAR PONTEVEDRA SL** por un importe de **10.677,27** euros, sen IVE, e un prazo de garantía de **8** meses.

Santiago de compostela, 24 de abril de 2015

O inspector técnico de Servizos e Transportes

Asd.: Luis Alberto López García

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0FQ	<i>Expediente</i> CON/15/2015	



### ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subministro de prendas superiores impermeables para a auga, calzado e complementos de uniformidade (subdividido en 3 lotes diferenciados pola súa natureza) para a Policía Local de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:**

LOTE A: PRENDAS SUPERIORES IMPERMEABLES PARA A AUGA: 28.115,70 euros máis IVE

LOTE B: CALZADO: 12.337,19 euros máis IVE

LOTE C: COMPLEMENTOS DE UNIFORMIDADE: 14.098,35 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 30 de abril de 2015, ás 9:47 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Alejandro Sánchez-Brunete Varela

**Vocais:** D. Manuel Martínez representante do grupo PP.  
D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Luis Alberto López, Inspector de Servizos  
Dª Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.  
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe que lle foi requerido na última reunión ó departamento da policía local, redactor dos condicionantes técnicos desta licitación, para o que lle foron remitidas as mostras dos anoraks impermeables presentadas polas empresas, e que sinala que "as prendas presentadas, no seu aspecto xeral e máis concretamente na forma dos cóbados, cumpre coas necesidades requeridas por esta policía".

En consecuencia, e á vista do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, despréndese que quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas para cada un dos lotes é a dos licitadores:

LOTE A: SAGRES SL – PARTENON.- por un importe de 22.961,40 euros, mais IVE.

LOTE B. EL CORTE INGLES SA por un importe de 11.152,97 euros, máis IVE.

LOTE C. PEYCAR PONTEVEDRA SL, por un importe de 10.677,27 euros, máis IVE.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas PACO GARCIA PRENDAS Y ARTICULOS DE UNIFORMIDAD SA e PEYCAR PONTEVEDRA SL, para o LOTE B, xa que a bota de inverno comprometida non se axusta ós requerimentos do prego técnico, ó non dispor de ganchos antioxidantes nin punteira reforzada.


**SEGUNDO:** Trasladar ao concelleiro delegado de contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ós licitadores

LOTE A: SAGRES SL – PARTENON.- por un importe de 22.961'40 euros,

LOTE B. EL CORTE INGLES SA por un importe de 11.152'97 euros,

LOTE C. PEYCAR PONTEVEDRA SL, por un importe de 10.677'27 euros,

IVE aparte, que acadaron a máxima puntuación no procedemento, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acrediten contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0FQ	<i>Expediente</i> CON/15/2015	

15078DCONZI0FQf



necesaria capacidade de obrar, e xustificuen documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e procedan ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 10:03 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA

O SECRETARIO/A DA MESA



**INFORME VALORACIÓN PRENDAS PRESENTADAS NA LICITACIÓN  
RELATIVA A PRENDAS SUPERIORES IMPERMEABLES PARA O AUGA  
"LOTE A".**

**SOLICITANTE: NEGOCIADO DE CONTRATACIÓN, OBRAS E SERVIZOS**

O día 29 de abril de 2015, por parte do Negociado de contratación, obras e servizos, procédese a solicitar informe de valoración de prendas ofertadas no lote A "Prendas superiores impermeables para o auga" relativas a uniformidade para a Policía Local (Exp. CON/15/205).

O inspector principal xefe accidental da Policía Local

**INFORMA:**

Que as prendas presentadas, no seu aspecto xeral e máis concretamente na forma dos cóbados, cumpren coas necesidades requeridas por esta Policía.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2015



**José Manuel Traba Gesto**  
CONCELLO DE  
SANTIAGO

**NEGOCIADO DE CONTRATACIÓN, OBRAS E SERVIZOS  
CONTRATACIÓN  
CONCELLO**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZIOFQ	<i>Expediente</i> CON/15/2015	



**ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Subministro de prendas superiores impermeables para a auga, calzado e complementos de uniformidade (subdividido en 3 lotes diferenciados pola súa natureza) para a Policía Local de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** LOTE A: PRENDAS SUPERIORES IMPERMEABLES PARA A AUGA: 28.115,70 euros máis IVE  
LOTE B: CALZADO: 12.337,19 euros máis IVE  
LOTE C: COMPLEMENTOS DE UNIFORMIDADE: 14.098,35 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8 baixo, 26 de maio de 2015, ás 10:25 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Alejandro Sánchez-Brunete Varela  
**Vocais:** D.Manuel Martínez Varela, representante do grupo PP.  
D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.  
D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
Dª Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.  
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.  
**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario,

LOTE A: SAGRES SL – PARTENON.-  
LOTE B. EL CORTE INGLES SA  
LOTE C. PEYCAR PONTEVEDRA SL,

Consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 10:28 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA

